

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO ALUMNADO DISCAPACITADO NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Juan Manuel Victoria Meizoso, que actúa no nome e representación da Asociación Nuestra Señora de Chamorro, en calidade de presidente, nomeado na reunión da xunta directiva celebrada o día 1 de xullo de 2020.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do comedor escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e exerceas coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da administración educativa autonómica, foron escolarizados en centros privados concertados. Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas en centros privados concertados, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización, utilizar o servizo de comedor



escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que a Asociación Nuestra Señora de Chamorro é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

IV.- Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración de acordo co establecido no artigo 2.1. e) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal. A problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cunha ampla bagaxe de experiencia, que faciliten unha atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación que se deben aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o comedor escolar.

Neste senso, convén lembrar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.





CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración co fin de posibilitar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades referido na memoria de servizos da Asociación Nuestra Señora de Chamorro que, por esixencias de carácter académico foi escolarizado en centros privados concertados, en virtude de ditame da administración educativa galega, a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada do mesmo, de acordo coas súas necesidades particulares ao longo do vindeiro curso escolar 2021/2022.

Segunda.- Compromisos da Asociación Nuestra Señora de Chamorro

Para acadar este obxecto, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro comprométese a facilitar ao alumnado descrito na cláusula primeira deste convenio, a utilización do comedor escolar nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Nuestra Señora de Chamorro).

Así mesmo, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro asume a atención e coidado do alumnado comensal obxecto do convenio, durante o período comprendido entre o seu traslado ao comedor tras o remate das clases matinais e o seu novo traslado ás aulas para as clases vespertinas ou, no seu caso, a súa recollida para seren trasladados ao domicilio familiar.

A Asociación Nuestra Señora de Chamorro poderá prestar o servizo directamente a través dos seus propios medios ou ben a través de empresas especializadas na prestación do servizo de cátering ou de vixilancia e comprométese a consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

Terceira.- Financiamento e pagamento

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade compensará cada trimestre á Asociación Nuestra Señora de Chamorro polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 € polo número de



días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnos/as con discapacidade escolarizados, por ditame da Administración Educativa, usuarios do servizo neses días, ata un máximo de 5 usuarios.

2. A consellería colaborará coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro cunha achega económica máxima de **2.136,00 €** durante o curso escolar 2021/2022, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 10.10.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e 2022, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2021: 852,00 €

Ano 2022: 1.284,00 €

3. Ao final de cada trimestre, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro, percibirá a suma que corresponda, previa xustificación da execución das actividades de colaboración, obxecto deste convenio. Para estes efectos, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro enviará ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial da Coruña a relación de usuarios do comedor escolar, precisando os nomes dos comensais e os días de utilización do servizo, co fin que o citado servizo certifique, co visto e prace do xefe territorial, a realidade destes gastos cos importes parciais e totais que correspondan

Cuarta.- Variacións de altas e baixas de persoas usuarias durante a vixencia do convenio

As necesidades de comedor escolar do alumnado discapacitado resultan de difícil previsión, dado que con carácter xeral a súa maior sensibilidade a problemas de saúde ocasiona situacións de absentismo escolar e cambios na escolarización elevados. Por esta causa, os cambios que durante a vixencia deste convenio se sucedan no número e identidade das persoas usuarias do comedor escolar serán tratados como meros supostos de redistribución do alumnado comensal, sempre e cando os importes económicos derivados destas flutuacións sexan susceptibles de seren compensados dentro da achega máxima establecida na cláusula terceira.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución constituirase unha Comisión de seguimento, presidida pola persoa titular do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial da Coruña (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes da



Asociación Nuestra Señora de Chamorro e outra máis da Xefatura Territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación deste convenio.

Sexta.- Inexistencia relación laboral

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sétima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio e non puidesen ser solucionadas no seo da Comisión de seguimento do convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.



Oitava.- Modificación do convenio e causas de resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio:
 - O incumprimento do seu obxecto.
 - O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
 - O acordo unánime de todos os asinantes.
 - A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

Novena.- Garantía en relación á protección xurídica do menor

Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro, comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.





Décimo primeira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais, que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo, se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei orgánica3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes, unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2021/2022, agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso a duración máxima das





prórrogas que se acorden será de catro anos desde que se acorde a primeira prórroga, de acordo co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Estando conformes co estipulado, asíñase este convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

O presidente da Asociación Nuestra Señora
de Chamorro

P.D. (Orde do 9.2.2021)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Juan Manuel Victoria Meizoso

